

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 25 DE MAIO DE 2022

Ás 13:10 horas do día 25 de maio de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 20 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, suplente

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos  
D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 9a e 10a)  
D<sup>a</sup>. Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste aos puntos 2a, 4a, 5, 6 e 10b)  
D. Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social (asiste aos puntos 2b, 2c, 4b e 4c)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335) (lotes 1, 2, 3, 4 e 5)**

A secretaria informa dos licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Aclárase que todas as proposicións foron presentadas a través do Rexistro Xeral agás a de GESTION Y SERVICIOS PARA ESPECTÁCULOS Y EVENTOS, S.L. que, unha vez comprobada, se constata que non está encriptada polo que non se garante o segredo da proposición antes do acto da apertura (artigo 139 da LCSP) o que constitúe un suposto de non admisión da proposición recollido na cláusula 13.4i.1 do PCAP ("A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador").



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:04	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA4H-E1B6B3-36D847-WYPTBT-TXZV9J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal" de todos os licitadores agás GESTION Y SERVICIOS PARA ESPECTÁCULOS Y EVENTOS, S.L., tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Non admitir a GESTION Y SERVICIOS PARA ESPECTÁCULOS Y EVENTOS, S.L. neste procedemento por ter presentado a proposición non encriptada e coñecerse o seu contido antes do acto de apertura (artigo 139 da LCSP e cláusula 13.4i.1 do PCAP).
- b) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (lotes 1, 2 e 3)
  2. SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lotes 1, 2 e 3)
  3. AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L. (lote 4)
  4. PREMIUMGUEST, S.L. (lote 5)
- c) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
  1. TEUTICKET 2021, S.L. (lote 5): deberá presentar un novo DEUC debidamente cumprimentado e asinado xa que na parte III "Motivos de exclusión" non se respondeu ás preguntas relativas a:
    - *Convenio con los acreedores*
    - *Quiebra*
    - *Activos que están siendo administrados por un liquidador*
  2. COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, S.L. (lote 4): deberá emendar o DEUC xa que na parte III "Motivos de exclusión" se respondeu afirmativamente á pregunta relativa a "*Delitos de terrorismo o delitos ligados a las actividades terroristas*".

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa socio-educativo e de apoio familiar" (PSEAF) (231.240-301)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. CRUZ ROJA ESPAÑOLA
  2. FUNDACIÓN SAMU



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:04	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA4H-E1B6B3-36D847-WYPTBT-TXZV9J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



3. GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A.
4. SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A.

b) Outorgar un prazo de tres días a SALZILLO SERVICIOS INTEGRALES, S.L.U. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar un novo Anexo II ao PCAP, debidamente cumprimentado, posto que no xa presentado non se cubriu o compromiso de adscrición dos medios persoais esixidos no PCAP.

**c) Procedemento aberto para a contratación de servizos complementarios para a xestión do "Centro integral de inclusión e emerxencia social" (CIIES) (230.850-301)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. CRUZ ROJA ESPAÑOLA
  2. FUNDACIÓN SAMU
  3. GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A.U.

**4.- Apertura da documentación técnica**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335) (lotes 2 e 3)**

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos nos lotes 2 e 3 deste procedemento.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa socio-educativo e de apoio familiar" (PSEAF) (231.240-301)**

Retírase este asunto porque a Mesa acordou no punto 2b conceder un prazo a un dos licitadores para que poidan emendar a documentación persoal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:04	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA4H-E1B6B3-36D847-WYPTBT-TXZV9J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

### c) Procedemento aberto para a contratación de servizos complementarios para a xestión do "Centro integral de inclusión e emerxencia social" (CIIES) (230.850-301)

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

### 5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

#### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (9.174-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas o 19 de maio de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor", así como o informe que corrixe o anterior de data 23 de maio. A Mesa acepta o segundo dos informes e acordar, por unanimidade, excluír dos lotes 1 e 2 deste procedemento aos licitadores que se indican deseguido por non acadar o umbral mínimo do 50% da puntuación (20 puntos) esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP:

1. APPLUS NORCONTROL, S.L.U.
2. INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.

Acto seguido publícase o informe no perfil de contratante.

#### b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio e asesoramento sobre a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos (9.191-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas o 19 de maio de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor", así como o informe que corrixe o anterior de data 23 de maio. A Mesa aceptar, por unanimidade, o segundo dos informes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

### 6.- Apertura económica

#### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:04	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA4H-E1B6B3-36D847-WYPTBT-TXZV9J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (9.174-335)**

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	% única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G desta FEC		Maior experiencia do medio persoal mínimo á adscribir á execución do contrato na elaboración de plans de Autoprotección para actividades de espectáculos públicos e recreativas, conforme ao RD 393/2007 nos últimos 5 anos	
		Lote 1	Lote 2	Lote 1	Lote 2
1	NURIA BALBOA RODRÍGUEZ (lotes 1 e 2)	20%	20%	20	20
2	PEDRO MURCIEGO DELGADO (lote 1)	15%	-	19	-

Os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste á apertura D<sup>a</sup>. Margarita Fernández Barreiro, con DNI **\*\*.\*41.49\***, en representación de APPLUS NORCONTROL, S.L.U.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio e asesoramento sobre a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos (9.191-335)**

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	% única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G desta FEC		Persoal adicional de apoio		Dispoñibilidade extra do contratista	
		Lote 1	Lote 2	Lote 1	Lote 2	Lote 1	Lote 2
1	EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS S.L.	10%	-	si	-	40h	-
2	SACAFERRO, S.L.	-	20%	-	si	-	40h

Os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.



**9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento do andar baixo e soto do I.M.E. Miguel Servet para escola infantil municipal" (expediente 1.145-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 20 de maio de 2022 de valoración do sobre C "*proposición avaliábel mediante fórmula*" coa proposta de clasificación. A Mesa acepta o referido informe e acorda, por unanimidade, propoñer a exclusión deste procedemento a CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.

**10.- Propostas de clasificación/clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento do andar baixo e soto do I.M.E. Miguel Servet para escola infantil municipal" (expediente 1.145-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento do andar baixo e soto do I.M.E. Miguel Servet para escola infantil municipal" (expediente 1.145-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	98,05
2	ORECO, S.A.U.	94,95
3	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	94,61
4	CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	87,11
5	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	29,78



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:04	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA4H-E1B6B3-36D847-WYPTBT-TXZV9J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584), para que presente, no prazo de dez días hábiles , a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio e asesoramento sobre a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos (9.191-335)**

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 6b solicitar informe de valoración do sobre C ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 14:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:04	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA4H-E1B6B3-36D847-WYPTBT-TXZV9J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		